

# Fai fresco

3º ESOA. Autor: Anxo Casal Rodríguez

3º Premio: Bronce

2º Ciclo de E.S.O.

VIII CERTÁMEN LITERARIO "LETRAS DE BABEL"

**3º ESOA. Autor: Anxo Casal Rodríguez.**

## **“Fai fresco”**


É venres pola noite, as nove e media aproximadamente. Rematei de despedirme dos meus amigos no cine e agora camiño cara a parada do bus. Aínda que estou nunha zona bastante transitada, todo está moi vacío (posiblemente polo partido do Celta).

Xa levo uns minutos camiñando, pensando nas minas cousas, vendo a deserta rúa. Cando só quedan uns metros á parada, miro atrás; consigo distinguir entre a néboa unha figura camiñando e pásome a parada. Xírome e vexo a figura mais cerca miña. Incómodo, decido continuar ata a próxima parada, coa esperanza de despistala.

Sigo e sigo camiñando. A cada paso que dou oio, al unísono, os do meu seguidor. Comezo a agobiarme sen sentido, pois o mais posíbre é que fose unha coincidencia que escolléramos a mesma ruta. Comezo a suar frío; a sombra acelera o paso; asustado, eu tamén. A parada está cerca, a uns 100 metros. Penso, mentras chego, se sentar ou seguir intentando escapar da miña paranoia. Cando estou a carón do banco, xírome. Dun sobresalto doume conta de que o bus está detrás miña. Do susto, e a causa da cegueira producida polo contraste dos focos do autobús coa escura noite, caio e atúrdome. A persoa pasou a meu lado e, por culpa da caída, non consigo ver o seu rostro. Coma si supera o meu camiño, sube ao bus e séntase ao fondo. Co traseiro dolorido, recollo a mochila do chan e subo ao bus. Intento ver a cara da persoa pero o medo impídeme. Séntome detrás do conductor contando coa súa protección.

Pasa o tempo no autobús. A cada parada que pasamos e vexo que a persoa non baixa, agóbiome, pensando que realmente persígueme. Cando doume conta de que a próxima parada é a miña, rezo para que non baixe conmigo. Baixo. O suor e o pánico apodéranse de min. E cando poño un pé na beirarrúa noto un alento na nuca. Comezo a camiñar rapidamente. Teño gañas de gritar. Noto a presión da presenza da persoa. Unha ira producida pola presión apodérase de min. Xírome bruscamente. Noto a sorpresa da persoa. Sin sequera verlle o rostro grito:

- Aléxate de min!-. Noto como levanta a man; sin embargo, fronte ao inminente golpe, quédome paralizado. Sóltame unha labazada e da impresión caigo ao solo. Antes de subir a mirada, consigo oír:



- A min non me fales así, eh! E non che dixeran que te abrigaras máis?! Co fresco que fai! Anda, tira pa casa!-. Consigo alzar a mirada e consigo distinguir o rostro da miña aboa. Insintivamente rompo a reir.